

ANEXO I: NORMATIVA EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL POLO PECHE DUN AULA OU DO CENTRO EDUCATIVO.

A presente regulación do ensino non presencial no IES de Melide, está baseada na resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, de plan de continxencia ante peches e no protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o curso 2020-2021 (04-11-2020)

Enténdese que proceso de ensino-aprendizaxe, para que sexa efectivo, necesita do mantemento dunhas rutinas que pasan por unha interacción entre o alumnado e o profesorado, explicación de conceptos, realización de tarefas, resolución de dúbidas, avaliación do progreso, que ineludiblemente conleva unha estruturación da organización docente en caso de verse obrigado a un ensino non presencial, que pasan por unha planificación horaria semanal a seguir polo alumnado e profesorado e o establecemento dunhas pautas de comunciación para toda a comunidade educativa.

ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA

En caso de peche dunha ou varias aulas, ou do centro completo o horario:

1. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais:
 - a. Aula virtual do IES de Melide.
 - b. Sistema de video-conferencia: Webex.
 - c. Outras ferramentas corportativas que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poña a disposición da comunidade educativa.
2. O horario a seguir está publicado na páxina web do centro (apartado PROTOCOLOS COVID-19). Este horario para a docencia a distancia, de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e referencia para as familias, deberá establecer un orde no proceso formativo similar ao ensino presencial, que permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.

3. O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo e o alumnado do grupo, deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos, que no caso dos centros públicos son os que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao Plan de Continxencia do centro.
4. Garantirase, en todo momento, a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

NORMAS DE CONVIVENCIA DAS CLASES TELEMÁTICAS

1. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
2. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia, que lle permitan un avance na programación ou a avaliación continua da mesma.
3. Con puntualidade, tanto profesorado como alumnado conectaranse a través dos medios establecidos á sesión telemática que indique o seu horario.
4. Para entrar na sesión de video-conferencia, o alumnado deberá identificarse debidamente e ter a cámara activada.
5. Transcurridos 10 minutos o profesorado pasará a bloquear a reunión, decindo se deixa entrar na mesma ó alumnado que se incorpore tarde. O profesorado indicará na plataforma xade as faltas de puntualidade ou asistencia do alumnado.
6. As clases telemáticas terán unha duración de 30 minutos, pero poderán prolongarse ata 50 minutos no caso de que o profesorado así o estime necesario, en caso contrario, o resto da sesión lectiva será de realización de exercicios e seguimento pola aula virtual.
7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

8. En caso de que o profesorado non se poida conectar á clase virtual por motivos de fallo de conectividade, chamará inmediatamente ó centro, quen procederá a enviar unha mensaxe a través de ABALAR MÓBIL ás familias para que traten de seguir a clase a través da aula virtual.
9. En caso de que un/ha alumno/a non poida conectarse por fallos de conectividade, chamará o centro educativo para notificar a incidencia, quen trasladará a información ó profesorado para xustificar a falta.
10. Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráse á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.